



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2024000034330

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO301: PROGRAMA DE SUBVENCIONS A EMPRESAS DE PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN AUDIOVISUAL PARA O APOIO Á DISTRIBUCIÓN, COMERCIALIZACIÓN E EXHIBICIÓN AUDIOVISUAL EN LINGUA GALEGA NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2025

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 24722 do 23 de maio de 2025, que foi publicada no BOP do 27 de maio de 2025, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO301: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

No devandito prazo as entidades presentaron as seguintes alegacións ou emendas:

1. A entidade Martela Films, S.L. presentou alegacións e solicitou a revisión da súa puntuación. A Comisión de valoración técnica emitiu informe sobre as alegacións presentadas ratificando a súa valoración. O informe da Comisión Técnica notificouse á entidade interesada.
2. A entidade Serea Productions, S.L. presentou alegacións e solicitou a revisión da súa puntuación. A Comisión de valoración técnica emitiu informe sobre as alegacións presentadas ratificando a súa valoración. O informe da Comisión Técnica notificouse á entidade interesada.
3. As entidades que figuraban no Anexo 3 de subvencións, concedidas provisionalmente condicionadas, presentaron as aclaracións e a documentación requirida. Vistas as aclaracións presentadas considerase que as entidades cumpren cos requisitos da convocatoria, polo que se propón outorgar as subvencións que correspondan. No caso da entidade Illa Bufarda, Sociedade Cooperativa Galega, ao presentar un novo orzamento de menor importe ao inicial, axustase o importe concedido, correspondéndolle unha subvención por importe de 4.232,70 €

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por Martela Films, S.L. e Serea Productions, S.L., tendo en conta que a Comisión Técnica ratificou a puntuación acadada.

Segundo.- Aprobar a concesión das subvencións incluídas as reformulacións correspondentes ao Programa FO301: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025, aos entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ANIMALA ESTUDIO AUDIOVISUAL, SOCIEDAD LIMITADA NIF: B55430599 Cod. Exp.: 2025000002158 Obxecto: Estrea en VOS en galego do filme na provincia d'A Coruña	14.374,50	0,7500	19.166,00
Beneficiario: BTEAM PICTURES, S.L. NIF: B65982308 Cod. Exp.: 2025000002138 Obxecto: SIRAT / Oliver Laxe	11.900,00	0,5893	20.193,45
Beneficiario: FILMIKA GALAIKA, S.L. NIF: B70231956 Cod. Exp.: 2025000002065 Obxecto: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025 para a longametraxe As Estacións.	4.000,00	0,6709	5.962,14
Beneficiario: FILMIKA GALAIKA, S.L. NIF: B70231956 Cod. Exp.: 2025000002129 Obxecto: Convocatoria do programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025 ARIEL	13.500,00	0,6557	20.588,68
Beneficiario: ILLA BUFARDA, S.COOP.GALEGA NIF: F70535943 Cod. Exp.: 2025000001843 Obxecto: PROMOCIÓN E DISTRIBUCIÓN DUNHA CURTAMETRAXE DE FICCIÓN FEITA EN GALICIA EN LINGUA GALEGA	4.232,70	0,7500	5.643,60

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: KRAKEN MEDIA, S.L. NIF: B05304449 Cod. Exp.: 2025000000542 Obxecto: Axuda para a distribución da curtametraxe de ficción "Adeus, Berta"	6.540,00	0,7445	8.784,42
Beneficiario: MARUXIÑA FILM COMPANY, S.L. NIF: B70222724 Cod. Exp.: 2025000001856 Obxecto: Proxecto e distribución de comercialización: Así chegou a noite, na provincia da Coruña.	15.000,00	0,7444	20.150,46
Beneficiario: MATRIUSKA PRODUCCIONES, S.L. NIF: B36486140 Cod. Exp.: 2025000002234 Obxecto: Estrea e proxeción do filme A Foreign song en varias localidades da provincia de A Crouña	5.625,00	0,7448	7.552,36
Beneficiario: REBORDELOS, S.L. NIF: B70544010 Cod. Exp.: 2025000001911 Obxecto: Promoción e distribución do filme 360 curvas na provincia de Coruña	15.000,00	0,7461	20.104,54
Beneficiario: SAN SIMON, LA PELICULA, A.I.E. NIF: V09649948 Cod. Exp.: 2025000001849 Obxecto: Proxecto de distribución e comercialización de "San Simón" na provincia da Coruña.	14.400,00	0,7308	19.704,43
Beneficiario: SETIMA SOCIEDADE COOP.GALEGA NIF: F27856517 Cod. Exp.: 2025000002100 Obxecto: Solicitud de apoio á distribución en salas na provincia da Coruña para o filme 'As Liñas Descontinuas'.	18.000,00	0,7500	24.000,00
Beneficiario: ZEITUN FILMS, S.L. NIF: B70237581 Cod. Exp.: 2025000001632 Obxecto: TRALOVENTO - longametraxe ficción - Axuda de distribución provincia A Coruña	15.000,00	0,7400	20.270,27

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ZEITUN FILMS, S.L. NIF: B70237581 Cod. Exp.: 2025000001631 Obxecto: FOMOS FICANDO SÓS - longametraxe documental - Axuda de distribución provincia A Coruña	8.796,71	0,7400	11.887,45

Número de solicitudes concedidas: 13

Total concedido: 146.368,91 €.

Terceiro.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Cuarto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizárase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Quinto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3343/479, fase A, operación número 220250015606, importe: 146.368,91 €

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Sexto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa FO301: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025, aos entidades sen ánimo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: 15810PARADOXO S.COOP.GALEGA NIF: F75254300 Cod. Exp.: 2025000002219 Obxecto: Distribución Documental Os Valores No Camiño	Non acadar a puntuación mínima de 25 puntos na Comisión Técnica
Solicitante: DANGA DANGA AUDIOVISUAIS, S.L.N.E. NIF: B70252671 Cod. Exp.: 2025000002149 Obxecto: CURTAMETRAXE_ MOUNIR	Non acadar a puntuación mínima de 25 puntos na Comisión Técnica
Solicitante: DANGA DANGA AUDIOVISUAIS, S.L.N.E. NIF: B70252671 Cod. Exp.: 2025000002144 Obxecto: Curtametraxe Experimental: Nai, ama, mare	Non acadar a puntuación mínima de 25 puntos na Comisión Técnica

Solicitudes	Motivo
Solicitante: MARTELA FILMS, S.L. NIF: B04968400 Cod. Exp.: 2025000002068 Obxecto: Programa de subvencións a empresas de produción e distribución audiovisual para o apoio á distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2025: CORTOMETRAXE OS VESTIXIOS DO REINO MEDIEVAL	Non acadar a puntuación mínima de 25 puntos na Comisión Técnica
Solicitante: SEREA PRODUCTIONS, S.L. NIF: B10860708 Cod. Exp.: 2025000002237 Obxecto: Distribución do filme "Crónicas dun Nón!"	Non acadar a puntuación mínima de 25 puntos na Comisión Técnica

Número de solicitudes descartadas: 5

Sétimo.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.